Carrizal

ÉPOCA II - Nº 15 setembro/outubro 2022

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente.....Agustín Ferreira Lorenzo

Vicepta.....Araceli Ozores Peixoto

Secret....Mª Consuelo González de Dios

Tesoureiro...Manuel A. Pombal Diego

Vogais... Luís Dorado Senra

Noé Ferreira Rodríguez

Salvador Rodríguez Muñoz

Suplentes

Carlos Angílica Entenza

Silvia Bautista Salgueiriño

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

Tomás García-Caballero

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Messenger

Facebook

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB: www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o seu contido.

CUOTAS ANO 2022

Establécense as seguintes cuotas:

Socio normal: 40 €

Socio familiar:

1º Socio: 40 €

Resto dos socios familiares: 5€/cada un.

Porque a NATUREZA nos necesita, necesitamos de TI

SE NON ERES SOCIA/O DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 35 €

Foto portada: escribenta das neves *(Plectrophenax nivalis).* Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020

Feito en papel reciclado

O PICUDO VERMELLO (*Rhynchophorus ferrugineus*) NO CONCELLO DE O ROSAL

O presente artigo corresponde ao traballo de prácticas do estudante do Ciclo Superior de Educación e Control Ambiental, do CIFP "A Granxa" de Ponteareas, Fabián González Álvarez, desenvolvido durante as súas prácticas externas en ANABAM no mes de outubro do ano 2020, baixo a dirección e coordinación de Agustín Ferreira Lorenzo, como titor na mencionada asociación.

Por **Fabián González Álvarez**

Introdución

O gurgullo coñecido como picudo vermello, resulta ser unha das pragas máis destrutivas que afectan ás palmeiras de Galicia nos últimos anos; ademais, cunha incidencia notable nas zonas costeiras, como son o Val Miñor e o Baixo Miño. Esta praga foi capaz de reducir en máis do 90% a poboación de palmeiras no territorio, onde ademais dos danos producidos a exemplares históricos pola súa lonxevidade, tamén, en moitos casos, producen un notable gasto económico cando se quere loitar contra el.

Obxectivo

O obxectivo deste traballo é facer o seguimento da incidencia desta especie nas palmeiras existentes nos concellos da bisbarra do Baixo Miño dende o ano 2012 ata a actualidade, e así obter datos do carácter destrutivo asociado a este escaravello.



Procedemento de traballo

O traballo levado a cabo para realizar este estudo dividiuse en dúas partes: a/ traballo de campo; b/ recompilación, análise de datos e redacción do documento.

O traballo de campo levouse a cabo no termo municipal de O Rosal, cunha superficie de 41,13 Km^2, visitando cada unha das parroquias, un total de catro, a saber: San Bartolomeu de Eiras, San Xoán de Tabagón, San Miguel de Tabagón e Santa Mariña do Rosal. A cartografía empregada en formato físico son os mapas publicados polo IGN nas súas páxinas 298 e 299 con escala 1:50.000. Previo á saída ao campo, realizase un traballo de xeoubicación das palmeiras existentes no ano 2014, que, debido a inexistencia de datos, empréganse ferramentas IDE como a fototeca do CING (https://fototeca.cnig.es/), *Google Earth* e *Google Maps,* ademais de ortofotos aéreas da páxina do *SIXPAC* da Xunta de Galicia, usando a correspondente ao ano 2014. Logo de recompilados estes datos, procedeuse a visitar estas parroquias coa xeorreferenciación das palmeiras existentes no ano 2014; unha vez no lugar fíxose unha inspección ocular da existencia ou non do exemplar, identificación da especie, e realizouse a toma de datos seguindo o organigrama que figura na páxina seguinte.

Tamén se recompilaron datos de se o tratamento ou eliminación foron realizados por persoal cualificado ou non. No caso da eliminación, preguntouse pola forma en que se levou a cabo esta.



Por desgraza, non se obteñen tódolos datos das localizacións, xa que non foi posible poñerse en contacto con moitos dos propietarios.

As ferramentas empregadas corresponden a equipos informáticos, ferramentas de navegación e xeolocalización GPS, cámara, papel e lapis.

Palmeiras atacadas

A palmeira máis abondosa na bisbarra baixomiñota, e polo tanto tamén no concello do Rosal, é a palmeira canaria (*Phoenix canariensis*); aínda que tamén se atopan exemplares, en moito menor número, doutras palmeiras ou similares, como acontece coa palmeira datileira (*Phoenix dactylifera*). O picudo vai actuar preferentemente sobre a primeira das citadas.

Descrición taxonómica e morfolóxica do picudo

O picudo vermello é un escaravello orixinario da Asia tropical. Foi detectado por primeira vez en España no ano

1994, na provincia de Granada, dende onde se expandiu por toda a península, aparecendo noutras zonas. Seu aspecto é dun escaravello de tamaño considerable podendo alcanzar os 5 cm, destacando a súa coloración vermella e a forma da súa cabeza, rematada nun pico ou ápice; de aí a orixe do seu nome, picudo vermello. O dimorfismo sexual atópase nun peine denso e corto sobre o extremo do pico que aparece só nos machos. Tamén é característica deste escaravello o tamaño da pupa, con lonxitudes de 4 a 6 cm, elaborada coas mesmas fibras das palmeiras.

ESTUDO POR PARROQUIAS

Como xa se describiu no apartado anterior, comezase a facer o recoñecemento por parroquias do Concello de O Rosal, empezando pola vertente este do concello, na parroquia de San Bartolomeu de Eiras.

Parroquia de San Bartolomeu de Eiras

- DATA DE VISITIA: 22, 23 e 26 de outubro.
- TEMPO DE TRABALLO DE CAMPO: 20 h
- TEMPO DE TRABALLO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS: 4 h
- MEDIOS EMPREGADOS: coche e a pé.

Segundo os datos analizados nas ortofotos correspondentes ao ano 2014, o número de exemplares presentes era de 37. Manténdose, no momento de realizar este estudo, unicamente 6 exemplares, polo que o número de palmeiras afectadas e/ou eliminadas é



San Bartolomeu das Eiras: 37 palmeiras no 2014 e 6 no 2020.



Nesta ortofoto do Sixpac, aparecen sinaladas 19 das 23 palmeiras rexistradas na parroquia de San Xoán de Tabagón.

de 31 (83,78 %).

Parroquia de San Xoán de Tabagón

No estudo das palmeiras a través das ortofotos tiradas no ano 2014, observamos que o número de palmeiras existentes era de 23. O traballo de campo realizado no 2020, comprobamos que, na actualidade, ningunha delas sobreviviu ao ataque do picudo, así que a mortaldade é do 100 %.

- DATA DE VISITA: 27 e 29 de outubro.
- TEMPO DE TRABALLO DE CAMPO: 15 h.
- TEMPO DE TRABALLO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS: 1 h.
- MEDIOS EMPREGADOS: coche e a pé.

Parroquia de San Miguel de Tabagón

Esta parroquia conta cun gran número de exemplares, moitos deles

Unha das palmeiras afectadas en San Bartolomeu das Eiras que aínda se mantén en pé.



Localización das palmeiras na parroquia de San Miguel de Tabagón no ano 2014.

de gran porte e probablemente bastante lonxevos.

- DATA DE VISITA: 30 e 31 de outubro e 2 de novembro.
- TEMPO DE TRABALLO DE CAMPO: 20 h.
- TEMPO DE TRABALLO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS: 4 h.
- MEDIOS EMPREGADOS: coche e a pé.

De acordo aos datos obtidos a través das ortofotos do ano 2014, o número de exemplares ascenden a 86. A acción do picudo vermello reduciu ese número en 77 exemplares (89,53%), sobrevivindo unicamente 9, dos cales dous están sendo tratados.

Parroquia de Santa Mariña do Rosal

É a parroquia de maior superficie do municipio e, polo tanto, con máis núcleos de poboación o que favoreceu, á súa vez, a existencia dun número importante de palmeiras.

- DATA DE VISITA: 2, 3, 4, 6 e 7 de novembro.



MAPA DE DISTRIBUCIÓN DE PALMEIRAS NO ANO 2014 NA PARROQUIA DE SANTA MARIÑA DO ROSAL

- TEMPO DE TRABALLO DE CAMPO: 35 h.
- TEMPO DE TRABALLO DE RECOMPILACIÓN DE DATOS: 5 h.
- MEDIOS EMPREGADOS: coche e a pé.

O reconto realizado a través das ortofotos do ano 2014, deu como resultado un total de 154 exemplares. Loxicamente, con esa gran cantidade de palmeiras, o picudo vermello tiña un amplo campo ben aboado para desenvolverse e reproducirse en abundancia. A porcentaxe de palmeiras afectadas está por riba do 90 %. O número de palmeiras eliminadas ascende a 150 pés, sobrevivindo, polo tanto 4 exemplares dos que 3 están sendo tratados. A dificultade para poñerse en contacto cos donos das vivendas fai que estes datos poidan variar.

Notas importantes e datos económicos

Palmeira en tratamento na parroquia de San Miguel de Tabagón.

Un dos grandes escollos á hora de intentar erradicar esta praga foi, e segue sendo, o alto custe do tratamento, xa que, este anda polos 150 €/exemplar por trimestre, o que supón uns 600 € anuais. Este tratamento é preventivo e debe ser aplicado por profesionais. Podemos diferenciar un tratamento químico, a base de abamectina, fosmet ou benzoato de emamectina, ou elixir un tratamento biolóxico a base do nemato *Steinerma carpocapsae.* Recoméndase a valoración dun profesional. O mesmo ocorre para a súa eliminación e erradicación, xa que debido á capacidade de voo do escaravello, pode seguir producíndose a propagación desta praga aínda que a palmeira fose cortada.

8. Propostas

A pesar dos poucos exemplares existentes na actualidade, non se deben de descoidar e abandonar as medidas preventivas ou de actuación inmediata, se é que queremos seguir tendo palmeiras nos nosos xardíns. Por iso, é preciso ter en conta algunhas accións básicas que poidan minimizar ou erradicar futuros danos:

- Comprar exemplares con pasaporte fitosanitario en vigor.
- Aplicar técnicas de mantemento culturais.
- Aplicar métodos preventivos de control biolóxico.

Así mesmo, aquelas persoas que teñen palmeiras deben de seguir cos tratamentos preventivos antes referidos, e os que se vexan na necesidade de eliminalos seguir as instrucións pertinentes.

Parte inferior do que queda dunha palmeira que, probablemente, poderiamos calificar de histórica pola súa lonxevidade, nunha antiga casa indiana no alto da Portela.

Conclusións

Tal e como se puido ver ao longo deste artigo, no concello de O Rosal o número de exemplares de palmeiras datileiras e canarias era de 289, das cales só sobreviviron 20 exemplares (6,92 %) tendo unha porcentaxe de eliminadas do 92.3% (267 pes) sendo tratados uns 6 exemplares (2.07 %). Débese ter en conta que estes datos poden variar, xa que non foi posible ter contacto con todos os propietarios.

Das entrevistas que puidemos manter con algúns deles, sacamos como conclusión que comezaron a darse conta do ataque do picudo vermello en torno ao ano 2014, nalgunhas parroquias no ano 2015, pese a que os primeiros datos da súa presenza detectáranse en Gondomar no ano 2013. Durante os anos 2015 a 2017 é cando se eliminaron a maior parte das palmeiras afectadas, polo que se pode extrapolar que nos 3 primeiros anos da invasión do escaravello as afectacións estarían en torno ao 90 % de mortalidade.

O Concello de O Rosal habilitou unha zona na cal se construíu unha zanxa para a eliminación dos exemplares afectados, como así o recomenda a instrución da Consellería, aínda que houbo xente que optou pola eliminación por queima, algo que non garante a eliminación das pupas do escaravello.

10. Bibliografía

- Plan para o control do picudo vermello das palmeiras da Xunta de Galicia.
- Páxina do MITECO, ficha RHYFER/EEI/NC007.
- Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras .
- Cartografía do IGN.
- Paxina *www.agrologica.es.*

Arriba, larva de picudo vermello extraído da cápsula (fotografía inferior), logo de recollela do chan tras caer algunhas follas afectadas polo insecto.



ESCARAVELLOS DO BAIXO MIÑO (X)

Por **M. Javier Blanco-Souto**

INTRODUCIÓN.

Sen dúbida, se hai un escaravello ao que podemos considerar como o "emperador" da entomofauna galega e peninsular, ese non é outro que *Lucanus cervus* (Linnaeus, 1758), un insecto coñecido en Galicia por diversos nomes populares como os de "vacaloura" ou "escornabois" -entre outros-.

TAXONOMÍA.

L. cervus é unha especie de coleóptero que pertence á familia dos lucánidos (Coleoptera, Lucanidae, Lucaninae, Lucanini) sendo, xunto con *Lucanus barbarossa* Fabricius, 1801, os dous únicos representantes do xénero en Galicia.

Para a realización deste artigo utilizouse a taxonomía proposta por Iberfauna (Fauna Ibérica).

MORFOLOXÍA EXTERNA.

Está considerado como o coleóptero de maior tamaño da nosa fauna, cun tamaño entre 3 e 9 cm de lonxitude. A súa coloración é pardo-vermella ou negruza. Presenta catro láminas nas súas antenas, característica que o diferenza do resto dos seus conxéneres peninsulares (Méndez & Calderón, 2020).

Presenta un claro dimorfismo sexual: os machos posúen unhas grandes e características mandíbulas -bifurcadas no extremo e cun dente na metade da cara interna- que lembran ás cornas dun cervo, mentres que nas femias son dun tamaño moito máis reducido e con forma triangular (Méndez & Calderón, 2020); ademais, polo xeral, o tamaño dos machos adoita ser maior que o das femias.

En ocasións podemos observar exemplares de talla reducida, debido posiblemente a unha anomalía de tipo xenético ou a unha causa trófica (mala calidade ou escasaza do alimento durante a etapa larvaria) (Rey-Muñiz, 1995; Torrella, 2013).

BIOLOXÍA.

Habita sobre todo en bosques caducifolios non necesariamente demasiado maduros (carballeiras, soutos, bosques de ribeira…), pero tamén en zonas de campiña bastante

humanizadas, e mesmo en áreas urbanas e suburbanas (Cortés-Fossati & Méndez, 2021), sempre por baixo dos 600-650 m de altitude (Méndez & Calderón, 2020).

A larva aliméntase da madeira desmenuzada e podrecida de diferentes árbores como carballos, castiñeiros, froiteiros… e a súa fase larvaria pode chegar a durar varios anos. O adulto ou "imago", aliméntase do zume e da fermentación vertida polas árbores feridas (López-Colón, 2000), e a súa vida é de só unhas semanas (Cortés-Fossati & Méndez, 2021).

Os adultos pódense observar en Galicia desde comezos ou mediados de xuño ata principios de setembro, sendo corrente atopalos á noitiña, pousados ou voando (Torrella, 2013).

DISTRIBUCIÓN.

En case toda Galicia. Especie ben distribuída no Baixo Miño (Torrella, 2013).

AGRADECEMENTOS.

A Agustín Ferreira Lorenzo, pola cesión das fotografías publicadas neste artigo.

BIBLIOGRAFÍA.

Cortés-Fossati, F. & Méndez, M. 2021. Ciervos volantes: titanes de la fauna ibérica. *Quercus*, 426: 22-27.

Iberfauna. 2015. Species *Lucanus cervus* (Linnaeus, 1758). En: Iberfauna. El Banco de Datos de la Fauna Ibérica. Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC).

Enlace: http://iberfauna.mncn.csic.es/showficha.aspx?rank=T&idtax=18203

(Data de acceso: 09/02/2022).

López-Colón, J.I. 2000. Familia Lucanidae. En: Coleoptera, Scarabaeoidea I. Martín-Piera, F. & López-Colón, J. I. 2000. *Coleoptera, Scarabaeoidea I.* Fauna Ibérica, vol. 14. Ramos, M. A. et al. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid: 43-94.

Rey-Muñiz, X.L. 1995. Os nosos insectos*: Lucanus cervus* (Linnaeus, 1758). *Paspallás, Revista Divulgativa Sociedade Galega de Historia Natural*, 16: 12.

Torrella, L.P. 2013. *Lucanus cervus* (Linnaeus, 1758). En: Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). 2013. *Atlas e libro vermello de Carabini, Cychrini e Lucanidae (Insecta, Coleoptera) de Galicia*. Vilagarcía de Arousa: 134-143.

WEBGRAFÍA

Méndez, M. & Calderón, E. 2020. Grupo Naturalista Hábitat. Campaña 2020 - Vacaloura (*Lucanus cervus*). Youtube. Enlace: https://www.youtube.com/watch?v=32ROaN7J-yo

(Data de acceso; 09/02/2022).

ÁRBORES EXTRAORDINARIAS DO BAIXO MIÑO

ARBORETO DO CASTELO DE SANTA CRUZ (A GUARDA)

AXENTE FORESTAL: José Miguel Escanciano Maricalva
AXENTE FORESTAL: Emilio Alonso Gómez
AXENTE FORESTAL: Ricardo Da Silva Diz
FOTÓGRAFO: Luis Dorado Senra
BOTÁNICO: Xesús Ignacio Fernández Alonso

Situada no concello da Guarda, esta fermosa fortaleza do século XVII coñecida como Castelo de Santa Cruz posúe, ademais dos seus valores arquitectónicos, históricos, etc., un interesante arboreto con máis dunha ducia de exemplares que merece a pena coñecer.

A propiedade pasou a mans privadas no ano 1860, é a partir de aí cando se fan as plantacións que dan lugar ao que hoxe pode admirarse.

Coa adquisición da fortaleza por parte do concello no ano 2004 e a súa posterior rehabilitación, ábrese ao público en xaneiro de 2014, deste xeito pode ser visitado o que ata o de agora era un oculto arboreto; poderán tamén contemplarse as súas marabillas arqueolóxicas e as estupendas vistas observables dende a fortificación.

© Luis Dorado

PITÓSPORO

Coordenadas Datum WGS 84, huso UTM 29 T: X 511037 Y 4639068

Altitude: 52 metros.

Data e autor das fotografías: 04-05-2014, Luís Dorado Senra.

Nome científico: *Pittosporum tobira.*

Nome común galego: Pitósporo da China.

Medidas:

Altura: 7,50 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,31 metros.

Perímetro a 1,30 m: 1 metro.

Idade estimada: máis de 50 anos, sendo unha das maiores de Galicia.

Observacións: dentro do castelo hai máis exemplares de diferentes tamaños e idades.

ARAUCARIAS

Nome científico: *Araucaria heterophylla.*

Nome común galego: Araucaria da illa de Norfolk.

1ª Araucaria (Ten a punta rota).

Altura: 12,50 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,39 metros.

Perímetro a 1,30 m: 1,25 metros.

Idade estimada: máis de 50 anos.

2ª Araucaria (Ten a punta rota).

Altura: 18 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,43 metros.

Perímetro a 1,30 m:1,36 metros.

Idade estimada: máis de 50 anos.

Observacións: Moi danada polo vento.

3ª Araucaria (entre as palmas).

Altura: 30,50 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,85 metros.

Perímetro a 1,30 m: 2,70 metros.

Idade estimada: máis de 100 anos.

Observacións: das maiores de Galicia, é moi similar nas súas medidas á Araucaria da Alameda da Guarda; poderían ser da mesma época.

PALMAS

Nome científico: *Phoenix canariensis.*

Nome común galego: Palma canaria.

Idade estimada: máis de 80 anos.

1ª Palma

Altura: 12 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,77 metros.

Perímetro a 1,30 m: 2,42 metros.

2ª Palma

Altura: 14 metros.

Diámetro a 1,30 m: 1 metro.

Perímetro a 1,30 m: 3.14 metros.

CRIPTOMERIA

Nome científico: *Cryptomeria japonica* “Elegans”

Nome común galego: Criptomeria, Cedro do Xapón.



Idade estimada: máis de 90 anos.

Altura: 17 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,99 metros.

Perímetro a 1,30 m: 3,13 metros.

Observacións: hai outra Criptomeria de 18 m de altura cun un perímetro de 1,31 m e diámetro de 0,41 m, calculámoslle unha idade superior aos 50 anos. Hai tamén unha terceira de menor medida.

Todas elas están moi danadas polo vento e a salinidade do mar.

O Piñeiro

Nome científico: *Pinus radiata.*
Pinus insignis.

Nome común galego: Piñeiro de Monterrei, Piñeiro de repoboación.

Altura: 20 metros.

Diámetro a 1,30 m : 1 metro.

Perímetro a 1,30 m: 3,15 metros.

Idade estimada: máis de 70 anos

Observacións: Situado sobre a entrada suroeste, outros seis piñeiros máis completan o conxunto, cunhas medidas e quizais idades menores aos deste exemplar.

O gran Alcipreste

Nome científico: *Cupressus macrocarpa.*

Nome común galego: Ciprés ou Alcipreste de Monterrei, Alcipreste de California.

Altura: 22 metros.

Diámetro a 1,30 m: 2,29 metros.

Perímetro a 1,30 m: 7,22 metros.

Idade estimada: máis de 100 anos.

Observacións: este exemplar é dos maiores de Galicia e o maior do Baixo Miño coñecido por nós.

Os outros dous Alciprestes de Monterrei

Idade estimada: máis de 80 anos.

Criptomeria
© Luís Dorado


Piñeiro


Alcipreste
© Luís Dorado

© Luis Dorado

© Luis Dorado

1º Altura: 17 metros .
Diámetro a 1,30 m: 1 metro.
Perímetro a 1,30 m: 3,15 metros.
Perímetro basal (ten unha pola debaixo do 1,30)**:** 4,20 metros.
2º Altura: 25 metros.
Diámetro a 1,30 m: 0,98 metros.
Perímetro a 1,30 m: 3,08 metros.

Outras árbores e arbustos que conforman o arboreto:

Malus sp.
Buxus sempervirens.
Camellia japonica.
Castanea x coudercii,
Myoporum laetum.
Eucaliptus globulus.
Hydrange amacrophylla.
Ilex aquifolium.
Laurus nobilis.
Tilia tomentosa.



AREA RECREATIVA DE MALVESADA-FONTENLAS E A MOLINETA

Localización

Concello: Tui

Parroquia: Areas

Lugar: Bouza Valada

Coordenadas Datum WGS 84, huso UTM 29 T

Coordenadas: X 526946 Y 4653136

Instalacións: acceso a persoas con mobilidade reducida.

- Fonte de auga potable.
- Bancos e mesas. -
-Asadores.

Acceso: Coche: si; Autobús: si.

Autor e data das fotografías: Luís Dorado Senra, 07-11-2014.

Descripción e algúns datos de interese

Trátase de dúas zonas diferenciadas que conforman en realidade unha soa área dividida en dúas pola estrada que une Areas e Hospital.

Á dereita, indo cara a Hospital, pódese visitar a que está ao carón do Viveiro Forestal de Areas; é a parte máis antiga, situada na zona superior do viveiro. Limítrofe co seu lado suroeste, estaba incluído este terreo ata os anos noventa no perímetro pechado do viveiro como parte integrante do seu arboreto, foi cedido posteriormente pola Xunta co-

mo zona de recreo, o que é na actualidade.

Configúrase este enclave arredor dun estanque central, bordeado por unha coroa de *Chamaecyparis*, os cales dan paso a máis formacións circulares adaptadas ao terreo e ao espazo deste lugar. Forman socalcos descendentes de moi variado e extraordinario arborado. Leva o nome de Molineta porque sobre o estanque referido estivo instalado moitos anos un muíño de vento; servía para sacar a auga do pozo escavado xusto debaixo da plataforma, que é o centro do estanque, naturalmente para utilizala no regadío.

A outra zona está do outro lado da estrada e aproveita unha pequena valgada plantada de castiñeiros híbridos (*Castanea x crenata*) desde mediados dos anos oitenta. Recibe un dos seus nomes (Fontenlas) dunha pequena fonte que ten alí o seu manancial.

CANDO SE QUIXO CONVERTER A BOEGA NUN CAMPO DE GOLF

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

No ano 1993, os membros de ANABAM quedaron sorprendidos cando viron maquinaria pesada na illa Boega, 14 quilómetros río arriba da desembocadura do Miño. Esta asociación comezou entón unha intensa e rápida actuación, para impedir que se levara a cabo este proxecto nas augas do Miño. Buscou tamén a colaboración de entidades conservacionistas do outro lado do Miño. A pesares dos intentos dos "poderosos", economica e socialmente falando, a intensa actividade desenvolvida por ANABAM, conseguiu que o proxectado campo de golf na illa Boega non fose adiante.

O xornal portugués PÚBLICO, daba conta, o 9/10/1995, do proxecto do campo de golf, nun artigo co título que poñemos liñas abaixo, e da autoría do periodista dese xornal Nogueira Gil.

BURACOS NO GOLFE DA BOEGA

A história do golfe na ilha da Boega (Vila Nova de Cerveira) é longa -nove anos pelo menos- e, sobretudo, pouco pacífica. Sonhado pelo empresário do sector hoteleiro e proprietário da ilha,

Flávio Amorim, o projecto tem tropeçado nas dificultades de financiamento (os custos deverao ascender a un milhao de contos), na oposiçao dos ecologistas e, también, nos obstáculos do licenciamento.

Em abril de 1993 chegaran a ser deslocadas máquinas de terraplenagem para a ilha, o que provocou uma intensa reacçao de associaçooes ambientalista galegas e portuguesas. Mas a alegada necesidade de um parecer do Instituto nacional da Água, despois dos restantes licenciamentos já obtidos, levou a suspensao dos trabalhos. E acrescia um outro óbice: é que o golfe só será viável en termos económicos se poder dispor de 18 buracos. Ora, a ilha da Boega dispoe apenas de uma área de 40 Ha, o que nao chega para tanto buraco. Em alternativa, ou se reduz o empreendimento para nove buracos -o que o tornará pouco apètecivel para os jogadores internacionaise para os endinheirados frequentadores dos "links"- ou se alarga a área disponível. Como? Pela apropiaçao de cerca de dez hectares de um afloramento arenoso anexo a ilha

Mas aquí surge um óbice suplementar: é que o río Minho, em que se sitúa a ilha da Boega é un curso de água internacional, e o estado espanhol tem jurisdiçao sobre parte dos areios e ilhas existentes no seu traçado. Parece ser o caso daqueles terrenos, e o governador civil de Pontevedra, na última reuniao do Conselho da Bacia do Rio Minho, foi claro ao afirmar que a Espanha nao abrirá mao daqueles dez hectares e, muito menos, para aí permitir que se implante un golfe.

Volta-se assim às hesitaçoes. Com quarenta hestares, o projecto nao é apetecível. E nao se vislumbram outras facilidades para alargar o "green". Restam as consideraçoes ecológicas. Os ambientalistas da galega ***Associaçao naturalista "Baixo Minho" (ANABAM)****, a súa congénere da outra margem, a* ***Corema****, mas também personalidades como Gonçalo Ribeiro Telles têm*

criticado o projecto por duas razoes elementares. A primeira é que o relvado de um campo de golfe exige uma espécie determinada de relva e elimina todas as outras espécies vegetais, o que contraria as necesidades de biodiversidade da zona. A segunda, e tal vez máis grave, é que un "green" exige quantidades enormes de agroquímicos, quer fertilizantes, quer herbicidas. E, no caso da Boega, é evidente que a drenagem se faz para o rio, com un potencial poluidor que assuta. "Claro é que se verificará, no mínimo, uma autrofizaçao que irá potenciar a já existente, e levará ao desenvolvimento anormal de especies vegetais indesejáveis, como, por exemplo, microalgas tóxicas. Como aconteceu, mais uma vez, este verao" disse José Gualdino, da Corema, ao PÚBLICO.

E os ecologistas nao se ficam por aquí: temen também a proliferaçao de equipamentos trísticos na margem do río, que virao, inevitablemente, por arrastamento. E se já protestam contra o empreendimento habitacionalcom clube náutico que se edificou recentemente, receiam que, caso se concretize o campo de golfe, a situaçao alastre para niveis incontroláveis, destruindo-se definitivamente uma zona de equilibrios ainda aceitáveis e que, "nao esqueçamos –acrescenta Jose Guardino-, é um importante refúgio da avifauna".

CARRIZAL 56, novembro 1995

Segundo puidemos saber de xeito extraoficial, a Dirección Xeral de Turismo do Goberno portugués, parece que deu o seu visto bo para a construción do campo de golf na illa Boega, que, lembremos, foi paralizado no seu momento logo das denuncias realizadas por esta asociación. Dado que calquera acción no tramo internacional do río Miño debe pasar pola aprobación dos dous gobernos (español e portugués), temos esperanzas de que este proxecto especulativo, agresivo contra o patrimonio natural do Esteiro do Miño e enganoso coa poboación, non vaia adiante e siga, en consecuencia, paralizado.

CARRIZAL 58, febreiro 1996

CAMPO DE GOLF DA BOEGA
INTERESADOS COMEZAN A CAMPAÑA DE INTOXICACIÓN

Reproducimos o artigo publicado no xornal portugués PÚBLICO con data 29 de outubro de 1995, da autoría de Eduardo Calvet Magalhaes (Vila Nova de Cerveira), onde se expón a opinión dos interesados de que este proxecto saia adiante. Da súa lectura sacamos a conclusión de que persoas que non estudan, observan, investigan e traballan pola defensa da natureza, pero que se dedican á creación de infraestruturas en áreas de interese ecolóxico, resultan ser máis respectuosos con esta que os propios ecoloxistas. Tamén os proxectos que eles desenvolven (unicamente para obter suculentos e substanciosos beneficios) son os máis respectuosos co entorno. Non dubidan estas persoas en crear ata un grupo ecoloxista que, por suposto, apoia o proxecto de campo de golf. Non hai, nunha e noutra marxe do río ningún outro grupo que arroupe este tipo de instalacións deportivas. Como non merece a pena perder tempo en utilizar as páxinas deste boletín en rebatir a sarta de sandeces, mentiras e bobadas que no artigo se expoñen, é polo que preferimos reproducilo integramente, xa que consideramos que da súa lectura el mesmo se descualifica, entre outras razóns porque non hai que ser ecoloxista nin naturalista para ver as cousas na súa realidade e no seu contexto. En calquera caso, para máis información sobre este particular, pode consultarse o anterior número do CARRIZAL, ou mesmo outros números atrasados nos que tratamos este tema en diversas ocasións.

"De cómo a burocracia, a inércia e o fundamentalismo pseudo-ecológico podem atrasar a realização de um empreendimento que tem a rara qualidade de não poluir, nao perturbar, manter o ecossistema, cuidar de uma terra abandonada e, ainda por cima, ser um polo de desenvolvimento.

Desde 1986 que a Sociedade Agrícola e Turística Boega conseguiu aprovação, pela Direcção Geral de Turismo, a través do Parecer 339/98de 22 de Julho, para a instalação de um campo de golfe de 18 buracos na ilha da Boega, no río Minho, frente a Gondarém, en Vila Nova de Cerveira.

O projecto, da autoría do engenheiro agrónomo especializado en questtoes ambientais Ramón Espinosa, presidente da Associação Europeia de Arquitectos de Golfe, é de grande qualidade técnica, tendo merecido o maior elógio dos especialistas desta área e, particularmente, de ecologistas e técnicos de ambiente nao-enfeudados a intereses imobiliários, por ser evidente trtar-se dum projecto que, ão contrário do que acontecia com un estudo anterior á iniciativa dos novos proprietários da ilha, se opor a selvajaria construtiva que ten tornado os locais mais aprazíveis, do Algarve ás ilhas balneares, em florestas de hotéis, pensoes, discotecas, "shopping centers" e outras atracçoes de frequência maciça e, por esse facto, poluidoras do ambiente.

No prazo estipulado polo referido parecer, foi dada satisfação as imposiçoes da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, da Direcção -Geral dos Portos e da Direcção -Geral do Ordenamento do Território, pelo que o projecto obteve, em 30 de agosto de 1988, o alvará de licença nº 428. A sociedade em referência, uma vez obtida a licença e respeitada as exigências da Direcção -Geral do Ordenamento do Território, apresentou sucessivas candidaturas ao Sistema de Incentivos Financeiros do Turismo, tendo-lhe sido concedidos pequenos subsídios que, pola

súa insuficiência, obrigaram a empresa a reunir os avultados capitais próprios (un milhão de contos) necessários a execução do projecto de construcção do campo de golfe, tendo introduzido, por isso, algumas alteraçoes no traçado do empreendimento.

Nos prazos estipulados, a Sociedade Boega apresentou, em Janeiro de 1995, á Direcção - Geral de Turismo, quer un aditamentocon o novo traçado do campo, quer as alteraçoes ao projecto inicial relativas ás instalaçoes de apoio e que tinhan sido objecto de licenciamentopekla Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira em 1988, quer en relação ao chamado projecto ETAR, solicitado então pela Direcção -Geral de Recursos e Aproveitamentos Hidráulicos.

Entretanto, a Direcção -Geral de Portos, quando julgava que o terreo que acresceu à ilha da Boega era de domínio público, aprovou e licenciou o campo de golfe e pretendeu cobrar uma taxa pela utilização dos terrenos. Com a competência transfeida da DGP para a INAG, a após parecer da Procuradoria-Geral da república sobre a propriedade privada desses terreos, parecer homologado pelo secretário de Estado do Ambiente e pelo secretário adjunto das Pescas, a nova entidade que superintende o assunto começoua criar dificultades e a nao autorizar previamente autorizados.

Iniciou-se então uma saga de dificultades inesplicáveis em terrenos ecológicos, construtivos e paisagísticos, dado que todas as alteraçoes introduzidas sao de muito menor volume do que as anteriormente licenciadas. Assim, um impreendimento de importância fundamental para a Região Norte começa a encontrar dificultades criadas por organismos com sede em Lisboa baseados num fundamentalismo pseudo-ecológico segundo se julga, pois os argumentos apresentados sãã tan frágeis e caricatos e carecen de bases técnicas e científicas, não deixando lugar a dúvida de que poderosos interesses imobiliários se moven na capital e têm interesse que seja dificultada, ou pelo menos demorada, a aprovação das alteraçoes proposta. A Associação dos Ecologistas do Norte

que existe como entidade informal desde 1987 mas só agora vai tornar-se uma instituição con estatuto legal, não pode deixar de levantar o seu protesto pelas dificultades criadas e apelou publicamente á Dra. Teresa Patricio Gouveira e ão Secretário de Estado que fosse atendida a exposição que a Sociedade Boega acaba de apresentar, pois não só a esmagadora maioría das forças vivas da região apoia a iniciativa, como considera que a sua realização vem fechar a série de Iniciativas que Vila Nova de Cerveira tem conseguido levar a cabo desde 1978 e que tornaram esta vila un pólo de desenvolvimento equilibrado e com respeito absoluto pelo ecosistema local, pela manutenção dos equilibrios paisagísticos e por constituir uma forma consciencializada e gradualizada de permitir o crescimento sócio-económico fora dos habituais esquemas da barbárie construtiva e concentração de actividades. É tal vez por isso que o Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, em deciaração datada de 17 de Julho de 1995, diz que "a instalação de um campo de golfe na ilha da Boega tem a maior importância quer para o concelho de Vila Nova de Cerveira, quer para a região do Vale do Minho, conforme consta da estratégia de desenvolvimentodo Plan Director Municipal".

Marga Rubido e Carlos Venade,

O día 10 de xullo organizamos un ROUTEIRO BOTÁNICO DA FLORA DUNAR DA PRAIA DE CAMPOSANCOS, nunha magnífica xornada de pouco máis de dúas horas de duración. Contamos con dúas persoas extraordinarias, expertas na flora, que de xeito espontáneo colaboraron activamente nas explicacións e que, a fin de contas, descargamos esta ruta didáctica sobre elas. Falamos da botánica MARGA RUBIDO (que chegou expresamente dende Pontevedra) e de CARLOS VENADE, (https://www.carlosvenade.com/) extraordinario fotógrafo e gran coñecedor da botánica, que chegou do outro lado do Miño. Houbo unha intercolaboración total dos presentes, o que motivou que toda a actividade fose moi atractiva. No remate da mesma, Carlos Venade sorprendeunos coa construción dun asubío natural. Que Marga e Carlos fosen os "directores" desta actividade, foi algo imprevisto que se decidiu alí mesmo, e que eles gustosamente aceptaron. Ademais, contabamos tamén con dúas profesoras de Bioloxía de sendos Institutos de Nigrán e Vigo: Liliana Monetti e Iria Guntín. Noso agradecemento a tódalas persoas participantes e un agradecemento especial aos "monitores" tan especiais que tivemos.

PROTECCIÓN DA *Honckenya peploides*

O 12 de xullo e o 29 de agosto, desprazámonos ata a praia das Vesadas (Mougás-Oia), polo tema da protección da ***Honckenya peploides***, que tiñamos solicitado ao Servizo Provincial de Costas dende o mes de xaneiro. No primeiro caso, para estar co enxeñeiro, responsable de Obras do citado Servizo, co fin de ter un intercambio de impresións en relación a área de protección. No segundo caso, polo inicio das obras de protección (imaxe da esquerda, na que figura delimitada por uns madeiros a área a protexer).

PRODUCIÓN DE RESINA NO BAIXO MIÑO

Membros de ANABAM observando as bolsas de resina no Niño do Corvo (O Rosal), o pasado 13 de agosto. Nestes momentos, son tres as comunidades de montes baixomiñotas que explotan este recurso: a C. M. de Mougás (Oia), a C. M. de San Miguel de Tabagón e a C. M. das Eiras, estas dúas últimas do Rosal. As tres comunidades queren chegar neste ano aos 100.000 quilos de resina. Cada quilo de resina págase a máis dun euro. Cada piñeiro produce uns 3 quilos ao ano. Actualmente, segundo información saída nos medios de comunicación, as tres comunidades dedican máis de 20.000 piñeiros á produción resinosa. As resinas teñen múltiples usos: augarrás, ceras depilatorias, lacas, pinturas, colas...

O 13 de abril, a través da rede social Facebook, poñiamos en marcha unha actividade de Ciencia Cidadá, tratando de achegar o coñecemento e interese polas bolboretas á sociedade. Poñemos aquí os tres primeiros post cos que tratamos de divulgar esta actividade entre os nosos seguidores da referida rede social.

13 de abril:

A campaña foi iniciada co seguinte post: *E logo?, non lle vas sacar partido a esta primavera? Participa na PRIMEIRA CAMPAÑA DE OBSERVACIÓN E FOTOGRAFÍA DAS BOLBORETAS DO BAIXO MIÑO GALEGO-PORTUGUÉS. Coa túa cámara, co teu móbil, achégate ata esas bolboretas que ves nos teus desprazamentos, sácalle unha ou máis fotos e pasa a formar parte das persoas que se suman a este proxecto para coñecer as "nosas" bolboretas, as bolboretas da bisbarra galego-portuguesa do Baixo Miño. Entra no enlace que poñemos máis abaixo, cubre o formulario e forma parte da "familia" lepidopteróloga*

da bisbarra... Sácalle partido á primavera e goza da observación das bolboretas, pero iso si: TRATA DE RESPECTALAS SEMPRE. E lembra, para tirarlle unha foto, procura que o teu corpo non produza sombra sobre a bolboreta porque... o máis probable é que fuxa. Anímate.

O enlace ao que se refire o post anterior, corresponde á información que aparece na páxina web de ANABAM é o seguinte:

https://www.anabam.org/bolboretas-2023.html

Nel explícase en que consiste esta actividade de Ciencia Cidadá e áchase o cuestionario no que cubrir e enviar as fotografías obtidas.

Nestes primeiros seis meses da campaña, a verdade que non nos podemos queixar da resposta recibida. Chegounos un bo número de fotografías e con elas unha agradable sorpresa: o primeiro rexistro que temos dunha das bolboretas que se dan como escasas en Galicia e cuxa presenza no Baixo Miño non tiñamos rexistrado ata o de agora. Trátase da ***Limenitis camilla*** fotografada a carón do entorno do río da Pedra, en Tomiño, por Gabriela A. B. a quen, como non, temos que darlle os nosos parabéns por este magnífico achádego que nos permite incrementar o número de bolboretas coñecidas para esta bisbarra.

3 de maio: volvemos lembrar na R.S., esta campaña. O post foi o seguinte:

1ª CAMPAÑA DE OBSERVACIÓN E FOTOGRAFÍA DAS BOLBORETAS DO

BAIXO MIÑO. Azuis, verdes, amarelas, vermellas... No Baixo Miño temos máis dun cento de bolboretas diúrnas e nocturnas. Ti podes formar parte das persoas que se suman ao rexistro dos lepidópteros da bisbarra galego-portuguesa do Baixo Miño. Tira fotos das bolboretas que vexas, e envía as fotografías a ANABAM, a través do formulario que figura no enlace. Pero lembra, non debes manipular a foto, non pretendemos que sexan fotos de estudo, senón tal cal vemos a bolboreta no campo. Anímate e coñece as nosas bolboretas, achégate un pouquiño máis á natureza.

13 de maio:

PRIMAVERA, SOL... saír ao campo armado coa túa cámara (fotográfica ou móbil). Achegarte paseniñamente ata esa bolboreta que acabas de ver e..."clik". Estamos en pleno período de observación destas fermosuras que poñen unha nota de cor entre as mil cores que nos rodean. "Practicamos" a paciencia. Observamos as marabillas que nos rodean. Aprendemos. Respectamos. Así é como queremos desenvolver a 1ª CAMPAÑA DE OBSERVACIÓN E FOTOGRAFÍA DAS BOLBORETAS DO BAIXO MIÑO GALEGO-PORTUGUÉS. Grazas a tódalas persoas que estades aportando coñecementos das nosas bolboretas. Ánimo e a seguir.

PRAIA DE CAMPOSANCOS: COLOCACIÓN DE CARTEIS

O 21 de xullo de 2022, procedemos á colocación de carteis informativos na praia de Camposancos, acción que correu a cargo de Luís Dorado Senra, Agustín Ferreira Lorenzo e Araceli Ozores Peixoto. Nese día, foron distribuídos ao longo de toda a praia de Camposancos os 30 primeiros carteis con información das principais planta dunares que se atopan no areal, co fin de extremar as precaucións e non acaben desaparecendo.

Despois de tres meses (15 abril/15 xullo) demos por finalizada a tempada de aniñamento do borrelho nas praias do norte portugués. Rexistráronse un total de 21 niños, o que representa un descenso de máis do 50% con respecto ao último ano no que se desenvolveu a campaña (2019). Por mor da pandemia, non se levou a cabo no 2020 nin no 2021. En canto ás postas, rexistrouse tamén un 50% menos de ovos. Por outra banda, só puideron anelarse un total de 7 pitos, o que representa un 84% menos. En total, 13 persoas se ocuparon, en maior ou menor medida, de desenvolver o proxecto na campaña deste ano.

VARAMENTO DE CETÁCEOS

Membros de CEMMA recollendo datos dun cadáver do golfiño varado no lugar de Sollás (A Guarda).

Nestes dous últimos meses, 29 de xullo, 3 e 8 de agosto, foron localizados un total de catro cetáceos na costa baixomiñota. O primeiro deles, un **golfiño común (*Delphinus delphis*)** no lugar de Sollás, costa sur guardesa e, neste mesmo día unha **toniña (*Phocoena phocoena*)**, en Mougás, cadáver, este último, bastante deteriorado. O terceiro varamento, tamén golfiño común, no lugar de Solanas (A Guarda), cunha lonxitude aproximada de 175 cm, macho. Tiña o estómago repleto de comida, ao igual que o da zona de Sollás, o que pode indicar que deberon quedar enmallados nalgunha arte de pesca cando andaban á procura de alimento. Finalmente, o cuarto exemplar, outro golfiño común, foi localizado, igualmente na zona de Sollás. Os membros de CEMMA (Xabi Pin e Marta Ortega, na imaxe) encargáronse dos labores da necropsia dos cadáveres.

PROTECCIÓN PARA *Scolymus hispanicus*

***S. hispanicus* (cardo dourado)** é unha planta que no Baixo Miño aparece no tramo litoral. Na costa guardesa era escasa, mais os labores de "desbroce" desenvolvidos nestes últimos anos acabaron practicamente por facela desaparecer. Unicamente consérvanse un par de exemplares no lugar de Solanas. Por este motivo, dende ANABAM solicitamos ao concello da Guarda, con data 13 de xullo, que tome as medidas pertinentes para evitar a súa desaparición.

Co remate do mes de agosto, demos por finalizada a campaña deste ano do ***Proxecto Larus*** de censo de niños e pitos, así como de recollida de crías caídas ás rúas da vila guardesa, este ano cunha novidade: os pitos non se entregaron ao CRF, senón que foron levados a unha finca particular, propiedade do responsable da campaña, onde estiveron en plena liberdade e o único que se fixo foi subministrarlles alimento (penso de cans, restos doutros alimentos e auga, sen máis interferencias). O número total de pitos recollidos das rúas ou dos patios de vivendas (logo dos avisos que nos chegaban) foi de 15 exemplares, todos eles acabaron abandonando o lugar de aloxo polos seus propios medios, non regresando ningún deles a *posteriori*.

O resultado da campaña deste ano pode verse na imaxe superior, na que se aprecia o radical descenso, con respecto ao pasado ano, tanto no número de niños como de pitos observados.

Na imaxe, tres dos pitos que se mantiveron na finca ata que, polos seus propios medios, decidiron abandonala.

APUNTES DA NOSA HISTORIA

PREMIO BANDEIRA VERDE DE GALICIA

O Premio Bandeira Verde de Galicia foi creado no ano 1998 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para recoñecer o labor desenvolvido na protección e conservación do Medio Ambiente galego.

Na convocatoria do ano 2000, no seu artigo 1º, sinalábase que ...*en recoñecemento ao traballo das persoas ou entidades que desenvolvan un labor significativo no coidado e promoción do ambiente ou que a través da promoción literaria transmitan valores de contido ambiental.*

Nesa convocatoria do ano 2000, establecíanse varias categorías, presentándose ANABAM na categoría de "***Conservación da biodiversidade***". O premio estaba dotado cun millón de pesetas (6.010,12 euros), unha placa de bronce e unha bandeira verde co logo da Consellería do Medio Ambiente. En representación desta asociación acudiron o presidente, Agustín Ferreira, as socias Sonia Cassau, Fátima Márquez e Ana Leirós e o socio Aser Ferreira.

O 23 de marzo do ano 2001, nun acto oficial presidido polo Presidente da Xunta de Galicia (Manuel Fraga Iribarne), acompañado do Conselleiro de Medio Ambiente (José Carlos del Álamo Jiménez) e outras personalidades, era entregado no Pazo de San Caetano, sede da Xunta de Galicia, o citado premio, que recollía o presidente de ANABAM.

Representación de ANABAM na recollida do Premio

... GAÑAMOS O PREMIO BANDEIRA VERDE 2002 ?

ÍNDICE

3.– O picudo vermello (*Rinchophorus ferrugineus*) no concello do Rosal…….....Fabián González Álvarez.

8.– Escaravellos do Baixo Miño. *Lucanus cervus*……M. Javier Blanco-Souto.

17.– Árbores extraordinarias do Baixo Miño. Arboreto do Castelo de Santa Cruz (A Guarda) …….....varios autores.

25.– Area Recreativa de Malvesada, Fontenlas e A Molineta…...Varios autores.

28.– Cando se quixo converte a Boega nun campo de golf……..Agustín Ferreira Lorenzo.

35.– Cousas de ANABAM:

35.– Routeiro botánico pola praia de Camposancos.

36.– Protección da *Honckenya peploides*.

36.– Produción de resina no Baixo Miño.

36.– Proxecto bolboretas.

40.– Praia de Camposancos, colocación de carteis.

40.– Projeto Borrelho.

41.– Varamento de cetáceos.

41.– Protección para *Scolymus hispanicus*.

42.– Proxecto *Larus*: finalizada a campaña 2022.

43.– Apuntes da nosa historia: Premio Bandeira Verde de Galicia.

ESTAMOS NO FACEBOOK

Se queres estar ao día podes seguirnos a través do **Facebook**, onde case que a diario terás información actualizada, tanto do que facemos como dos traballos de campo, divulgación de flora e fauna, etc.

ANABAM

É unha entidade conservacionista fundada no ano 1984.

Ata o ano 1985, cando foi inscrita no Rexistro de Asociacións, non empezaría a funcionar como tal.

AS PERSOAS INTERESADAS EN PUBLICAR ARTIGOS NESTE BOLETÍN PODEN DIRIXIRSE A ANABAM POR CORREO ELECTRÓNICO OU WHATSAPP.

OS ARTIGOS TEÑEN QUE TER RELACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA COA BISBARRA DO BAIXO MIÑO, DANDO PREFERENCIA A AQUELES QUE TRATEN ASUNTOS DE NATUREZA E MEDIO AMBIENTE